

G! 30 Páxina literaria

literaria

Trifolium reúne nun volume cinco relatos de Isidro Novo

■ O lugués Isidro Novo leva publicando en galego desde os anos 80, momento no que decidiu adoptar definitivamente a lingua materna para a súa produción literaria. Mestre no relato breve –incluso de temática infantil– e destacado poeta, Novo reúne, a través da editorial Trifolium, cinco relatos xa editados que andaban espallados desde hai tempo.

O título que abre o libro, “Cabalos do demo”, foi distinguido en 1995 como gañador do Certame Manuel Murguía de Narracións Breves na súa cuarta edición. Nel, o autor verque lembranzas e vivencias infantís para compoñer un relato que, no fondo, é unha busca das raíces, dunha identidade que, a través do idioma, viña de facer consciente.

“O lobo daquela Caparuchiña”, “O voyeur e a dama intanxíbel”, “Unha asombrosa sombra” e “Vostede siga ben, señor fiscal” son reedicións de versións orixinais que formaron parte de volumes colectivos ou, caso do último, nun xornal.

Non hai entre os cinco relatos unha temática común, un fio condutor nin sequera un estilo definido. Cada texto está



concebido en circunstancias tan diversas que buscarlle os enlaces comúns sería unha perda de tempo.

Porén, si se pode, e iso é o que recomendamos, gozar da súa lectura: un compendio breve, pero ben ilustrativo, do universo narrativo de Novo, que agocha sempre, tamén nestas narracións breves, unha reflexión pendente.